



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A FUNDACIÓN DOS FERROCARRÍS DE GALICIA POLO QUE SE INSTRUMENTA A SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA GARANTIR O FUNCIONAMENTO DO MUSEO GALEGO DO FERROCARRIL E DESENVOLVER AS ACTIVIDADES DE EXHIBICIÓN E DIVULGACIÓN DOS FONDOS MATERIAIS PROPIEDAD DO MUSEO, ASÍ COMO PARA FOMENTAR O USO DO TRANSPORTE FERROVIARIO.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

REÚNENSE

Dunha parte, Diego Calvo Pouso, Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, en nome e representación da Xunta de Galicia, segundo o Decreto 44/2024 do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte, Javier Arias Fouz, co NIF 33****06R, na súa condición de presidente da Fundación dos Ferrocarrís de Galicia, co NIF G27267624 segundo atribución de facultades outorgadas para o efecto.

Ambas as dúas partes actúa no exercicio dos seus cargos e na representación que exercen, recoñecen a súa capacidade para asumir as obrigas deste convenio, e en consecuencia,

EXPOÑEN

Primeiro

A Comunidade Autónoma de Galicia é competente en materia de vías férreas non incorporadas á rede do Estado, con itinerarios que se desenvolvan integramente no territorio da Comunidade Autónoma, e, nos mesmos termos, nos transportes efectuados por estes medios, consonte aos artigos 148.1.5º da Constitución Española e 27.8 do Estatuto de Autonomía.



As referidas competencias son exercidas pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Dirección Xeral de Mobilidade, centro directivo ao que, consonte ao Decreto 136/2024, de 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, correspóndelle, entre outras funcións, “a promoción da investigación sobre transporte, loxística e mobilidade, e o asesoramento ao departamento nestas materias” así como “a programación de investimentos, obras e instalacións de transportes por estrada, ferrocarril, aéreo e por cable e o réxime administrativo, dirección, inspección e control delas no ámbito das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia”.

Sen prexuízo do esforzo que nos últimos anos esta administración está a levar a cabo en materia de planificación e execución da oferta intermodal de transporte na Comunidade Autónoma e das infraestruturas do transporte de viaxeiros/as en colaboración coas restantes Administracións públicas e institucións interesadas, tamén é consciente da importancia de conservar e preservar elementos tradicionais representativos dos diferentes modos de transporte, e, máis concretamente, do transporte ferroviario, de xeito tal que se garanta o mantemento deste patrimonio cara o futuro, e se permita o seu emprego como medio de fomento e divulgación desta modalidade de transporte.

Segundo

A Fundación dos Ferrocarrís de Galicia, constituída como fundación de interese xeral galego e sen ánimo de lucro, ten personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, consonte a Lei 12/2006, de 1 de decembro, de fundacións de interese galego.

Entre os seus fins, constan nos seus estatutos a xestión, dirección, mantemento, conservación e promoción do Museo Galego do Ferrocarril. Así mesmo, tamén se prevén nos seus estatutos como obxectivos velar pola conservación, catalogación, restauración e exhibición ordenada dos seus fondos materiais e documentais de valor histórico ou artístico que garden relación co ferrocarril, a difusión dos aspectos culturais relacionados co ferrocarril e darlle coherencia á política cultural dos ferrocarrís de Galicia, difundir os beneficios socioeconómicos e medioambientais deste medio de transporte, fomentar a investigación sobre o transporte e os seus modos, fomentar o coñecemento e a utilización pola sociedade do transporte por ferrocarril, fomentar o emprego no sector ferroviario e demais sectores indirectamente relacionados con este.



Para o cumprimento destes fins, a fundación, entre outras actuacións, desenvolve actividades dirixidas a manter e incrementar os fondos do Museo Galego do Ferrocarril así como a promover a súa difusión entre a cidadanía galega.

Terceiro

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes considera de interese xeral o mantemento e conservación de material histórico do ferrocarril para a súa exposición e difusión a través do Museo Galego do Ferrocarril así como a súa utilización nas actividades desenvolvidas por este museo.

Así mesmo, a difusión deste patrimonio entre a cidadanía leva á consellería a considerar de especial interese a colaboración coa Fundación dos Ferrocarrís de Galicia co fin de promover actividades relacionadas cos fondos do museo que permitan, por un lado, a súa divulgación entre a sociedade, en aras a atinxir un maior coñecemento deste medio de transporte, e doutro, o fomento do ferrocarril como modo de transporte sostible, para o cal resulta preciso colaborar coa citada Fundación.

Cuarto

A Lei 4/2024, do 27 de decembro, de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, aprobou no seu orzamento de gastos unha subvención nominativa a prol da Fundación dos Ferrocarrís de Galicia por un importe de 30.000 €.

A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, (en adiante Lei 9/2007) establece no artigo 26.1 que os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións nominativas previstas na Lei anual de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Quinto

Con base en todo o anterior, co fin de materializar a colaboración antes descrita e ao considerar que concorren as circunstancias que así o aconsellan, as partes acordan subscribir este convenio de colaboración, de conformidade coas seguintes



CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O obxecto do convenio é establecer as liñas da colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Fundación dos Ferrocarrís de Galicia, para garantir o funcionamento do Museo Galego do Ferrocarril para exhibir e divulgar os fondos materiais propiedade do museo, así como para fomentar o uso do transporte ferroviario.

Segunda. Obrigas da Fundación dos Ferrocarrís de Galicia

1. Cumprir co obxecto do convenio e con todas as obrigas recollidas nel, en particular:
 - a) Exhibir os fondos materiais do Museo Galego do Ferrocarril, mediante a súa apertura ao público en xeral. Concretamente, asume o compromiso de abrir de mércores a venres de 11:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00 horas e os sábados, domingos e festivos de 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00 horas.
 - b) Facilitar á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a outros órganos do sector público autonómico, a organización gratuíta de todo tipo de actos e/ou actividades no Museo Galego do Ferrocarril para exhibir e divulgar os fondos materiais do museo, así como para fomentar o transporte ferroviario.
 2. Dar publicidade do carácter público da participación da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.
 - a) Inclusión na páxina web do museo dunha lenda que indique o financiamento por parte da Xunta de Galicia, así como a inclusión da súa imaxe corporativa.
 - b) Colocación dun cartel na entrada do museo cunha lenda que indique o financiamento por parte da Xunta de Galicia, así como a inclusión da súa imaxe corporativa.
- A publicidade deberá realizarse respectando o disposto no Manual de Identidade Corporativa da Xunta de Galicia (<https://www.xunta.gal/identidade-corporativa/marca-principal>).
3. Destinar os fondos que se perciban á execución do obxecto do convenio.
 4. Xustificar a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes a realización da actividade, no prazo e na forma establecidos neste convenio e demais normativa de aplicación.



5. Reintegrar, total ou parcialmente, as cantidades percibidas, se as houbera, xunto cos xuros de demora correspondentes, segundo o procedemento establecido no artigo 38 da Lei 9/2007.

7. Subministrarlle á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes toda a información que se lle requira en materia de transparencia, de acordo co establecido no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

8. Colaborar e facilitar canta documentación lle sexa requirida, no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas, así como someterse ás actuacións de supervisión e control previstas na Lei 9/2007 e as xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.

9. As establecidas con carácter xeral na Lei 9/2007 e na súa normativa de desenvolvemento.

Terceira. Obrigas da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes

1. Achegar a entidade beneficiaria a cantidade de 30.000 €.

A achega financiarase con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o 2025:

Aplicación Orzamentaria	Código de proxecto	2025
05.08.512A.481.2	2018 00008	30.000,00 €

A achega financiará os gastos de explotación da Fundación dos Ferrocarrís de Galicia para cumprir co obxecto do convenio, dende o 1 de xaneiro de 2025.

Cuarta. Seguimento do convenio

1. Para o seguimento, control e avaliación de cantas dúbidas poidan xurdir na aplicación do convenio constituírase unha comisión de seguimento, coa participación dun representante da Dirección Xeral de Mobilidade e dun representante da Fundación do Ferrocarrís de Galicia.

2. A comisión terá as seguintes funcións



-Realizar un seguimento do obxecto do convenio e propoñer, calquera medida que redunde na súa mellora.

-Emitir un informe respecto de calquera dúbida que se suscite na interpretación e/ou aplicación deste convenio.

-Estudar as posibles modificacións do convenio propostas polas partes, as cales se formalizarán a través das correspondentes addendas.

3. A comisión poderase reunir as veces que se estime oportunas. En calquera caso, a solución das incidencias que poidan xurdir estará condicionada polas limitacións orzamentarias.

Quinta. Xustificación dos gastos e pagamento

A entidade beneficiaria presentara unha **conta xustificativa**, que conterá a seguinte documentación:

1. Memoria xustificativa das actuacións do ano 2025 obxecto do convenio e dos resultados acadados, con indicación do horario de apertura do Museo Galego do Ferrocarril e xustificación da publicidade do carácter público da participación da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

2.Unha memoria económica xustificativa dos custos das actividades realizadas, que conterá:

a) Unha relación desagregada dos gastos da actividade, con identificación do proveedor, do número de factura, da data de emisión e no seu caso, da data de pago.

b) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior e da documentación acreditativa do pago.

As facturas deberán cumprir os requisitos establecidos no Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigacións de facturación.



c) A entidade beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres orzamentos de diferentes provedores con carácter previo á contratación do compromiso da obra, prestación de servizo ou entrega de ben de acordo co artigo 29.3 da Lei 9/2007.

d) Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social, e de non ter pendente de pagamento débedas coa administración pública da comunidade autónoma de conformidade co establecido nos artigos 10 e 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007.

3. Declaración responsable da obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actuacións subvencionadas.

Esta axuda é **compatible** coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos. No caso de que as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con outros fondos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, incluíndo

a) A/s resolución/s de concesión/s.

b) A relación dos gastos subvencionados, con identificación do proveedor, do número de factura, da data de emisión e no seu caso, da data de pago.

O **período de realización dos gastos** será dende o 1 de xaneiro de 2025 ata a data límite de xustificación.

A **data límite para xustificar os gastos** é o 20 de novembro do 2025.

O pago da subvención realizarase unha vez comprobada a xustificación presentada polo beneficiario, e pola parte proporcional da contía da subvención efectivamente xustificada.

Sexta. Vixencia do convenio

Este convenio terá unha duración dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025 e non será susceptible de prórroga.

Sétima. Resolución e reintegro

1. Causas de resolución:



- a) O incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) O transcurso do tempo fixado sen que se executen e/ou xustifiquen as actuacións.
- c) O acordo unánime de todas as partes asinantes.
- d) Decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Calquera outra causa prevista nas leis

2. Procedera o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, xunto cos xuros de mora correspondentes.

Oitava. Inexistencia de relación laboral

A subscrición deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian a desenvolver as actividades e a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, de tal xeito que non se lle poderá esixir ningunha responsabilidade, nin directa nin indirecta, nin subsidiaria polos actos ou feitos que xurdan no seu desenvolvemento.

Novena. Publicidade do convenio

- 1. Este convenio publicarase no Portal de Transparencia e Goberno Aberto, consonte o artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Administración pública galega e a inscribirase no Rexistro Público de Subvencións consonte ao artigo 16 da Lei 9/2007 e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia
- 2. Así mesmo, a información requirida será comunicada á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) consonte o artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

Décima. Protección de datos

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección de persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e



a libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46 CE (Regulamento Xeral de protección de datos) e demais disposicións vixentes sobre a materia.

Décima primeira. Normativa aplicable

Este convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas que nel se establecen e, no seu defecto, polo regulado na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións e demais normas de procedente aplicación.

As cuestións litixiosas xurdidas da interpretación, desenvolvemento e aplicación do convenio serán resoltas pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra estes acordos poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes

O Presidente da Fundación dos Ferrocarrís de Galicia

Diego Calvo Pouso

Javier Arias Fouz